

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:[www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. Sinale o enunciado CORRECTO:**

- A) Canto lle quere aos seus pícaros! Todo son lambetadas para eles.
- B) Casouse moi novo e máis tarde marchouse para Suíza.
- C) Ben se che ve que es un pacifista e un ecoloxista.
- D) Sen querer, manqueille nun pé, e se puxo como unha fera.

**2. Indique a serie de formas verbais CORRECTA:**

- A) Trouxen, troxeches, trouxo, trouxemos, trouxéstedes, trouxeron.
- B) Soupen, soupeches, soupo, soupemos, soupestes, souperon.
- C) Pudén, pudeches, pudo, pudemos, pudestes, puderon.
- D) Fixen, fixeches, fixo, fixemos, fixestes, fixeron.

**3. NON é correcto en galego:**

- A) Cuatrimestre.
- B) Corentena.
- C) Gardián.
- D) Guante.

**4. Sinale a opción INCORRECTA:**

- A) O garaxe.
- B) A pus.
- C) A viaxe.
- D) A análise.

**5. Elix a forma CORRECTA:**

- A) Vinte e unha.
- B) Vintiunha.
- C) Veinte e unha.
- D) Vinta e unha.

**6. Elemento químico gaseoso que se encontra en todos os seres vivos e no aire atmosférico, inodoro, incoloro e insípido:**

- A) Osíxeno.
- B) Oxíxeno.
- C) Oxígeno.
- D) Osíxeno.

**7. Sinale a palabra CORRECTA:**

- A) Perxuízo.
- B) Exencción.
- C) Reducción.
- D) Revogación.

**8. Sinale a opción escrita CORRECTAMENTE:**

- A) Vía de apremo.
- B) Carteira de servicios.
- C) Costes de produción.
- D) Axudas de custo.

**9. Cal destas palabras NON está escrita correctamente?**

- A) Receita.
- B) Viuvez.
- C) Enfermedade.
- D) Estudante.

**10. Sinale a resposta CORRECTA:**

- A) O sangue.
- B) O dor.
- C) O suor.
- D) A leite.

Preguntas de reserva

**1. Sinale a resposta INCORRECTA:**

- A) Ollomol, ollomoles.
- B) Tórax, os tórax.
- C) Dolmen, dólmenes.
- D) Lei, leis.

**2. Escolla a forma CORRECTA do adverbio:**

Os familiares dos enfermos deben agardar \_\_\_\_\_ da habitación.

- A) Fora.
- B) Fóra.
- C) Afora.
- D) Afóra.